


Falamus!



Editorial*“ERIK SATIE E O CINEMATÓGRAFO”* “O Piano a Dúo”* “O Pianoforte”* CURSO DE “FABRICACIÓN DE INSTRUMENTOS DE SOPRO”* Biblioteca “Fontenla Leal”* Viaxe a Salamanca* Axuda cos traballos de historia*Opinión persoal* A voar...*pasatempus

1.- Editorial

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CMUS Xan Viaño pon a andar esta publicación, coa intención de que vexa un fiadeiro de comunicación entre toda a comunidade educativa do noso centro.

Tentaremos darlle cobertura ás cousas máis salientables que acontezan no noso Conservatorio, tanto ás ordinarias como ás extraordinarias. Non cabe dúbida de que esta publicación precisa da axuda de todos vós; alumnado, profesorado, pais e nais,... etc, porén invitámosvos a que sexades partícipes desta andaina coa que hoxe comezamos.

Con esta publicación temos o barco botado, agora só nos queda navegar e procurar novos portos.

O nome da publicación...

FALAMUS é un xogo de palabras. Unha composición a dous tempos. No primeiro destes ten dúas partes. O “**Fa**” e o “**La**”, que dan a nota, e que ao xuntaren sintetizan un idioma: “a Fala”. **MUS** provén de CMUS (Conservatorio de Música) -tal é o noso centro-, e tamén de “Músic@”. Por iso derivamos a nosa invitación de “Falamos?” que para os músicos será **Falamus!**

Tiñan que ser sete letras, coma sete notas. A “Fala” en azul como o mar e o ceo que están tan presentes. Para o “mus” o gris, a cor do noso conservatorio que semella un buque nas gradas da “sempre” Bazán -agora Navantia-.

Sabemos que a vosa participación vai ser positiva. Delátavos o sétimo grao...

Auga ao dique!. Naveguemus!

Saúda o noso Director.

Hoxe presentamos a nova publicación que a Equipa de Normalización Lingüística do noso centro pon a andar para convertila nunha canle de comunicación entre os que formamos esta grande comunidade escolar.

“FALAMUS!”, que así se chama, pretende ser o foro de todas e todas onde dispor de información de interese e tamén dun espazo de opinión onde plasmar as inquiredanzas que nos poidan xurdir.

O seu nome alude, mediante un xogo de verbas, á música, ao propio centro e, como non, ao obxectivo último de todo isto, facer da música un medio de comunicación, colectivo e global que potencie o debate e o entendemento, a diversidade e os acordos, e os valores da sociedade.

Augúrolle un grande porvir cheo de éxitos. Parabéns e ...¡sorte!..

José Manuel Yáñez Carballeira

falamus!: Avda do Mar 4-6 Esquina Telleiras. Caranza – FERROL. Teléfono: 981 333317-618 619 001. **web** <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano> Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.es **Edita*** **Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CMUS Xan Viaño de Ferrol.**>Coordenador: Emilio Mesías>Docentes: Ermitas García, Sergio Pena, Iván Abal>Estudantes: Cristina Fraga, Tareixa Rascado, Federico Pedreira>Persoal non docente: Loli. ***Foto Portada:** Sergio Pena. **Colaboradores:** Javier Rivas, Carla Fernández, Brenda Anidos, Laura Pérez, Laura Dalama, Irea Villares, Federico Pedreira, Sergio Pena, Marta Nieto, Laura Gestal, Natalia Castrillo, Cristina Fraga ***Pasatempus:** Emilio Mesías. **Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores**

“ERIK SATIE E O CINEMATÓGRAFO”

Federico Pedreira Nores, 2º GP



Erik Satie púxolle a música.

No ano 1924, o cineasta francés **René Clair** aventurouse a filmar una película (aínda muda) de acordo coas vangardas do momento: *Entreacte*. Esta grande obra contou cunha firmas impresionantes: **Picabia** escribiu o libreto nun primeiro momento para un ballet, como tamén os decorados e todo o vestuario de **Marcel Duchamp**, e, o estraño

FICHA TÉCNICA


Francia, 1924	20'
Título Orixinal:	<i>Entr'acte</i>
Dirección:	René Clair
Libreto:	Francis Picabia
Fotografía:	Jimmy Berliet
Produtor:	Rolf de Maré
Reparto:	Marcel Duchamp, Inge Friss, Man Ray, Francis Picabia, Jean Börlin, Erik Satie
BSO:	Erik Satie

Cómpre recordar que durante o primeiro terzo do século XX, as **vangardas** ou **ismos** son os diferentes estilos artísticos que pretenden romper definitivamente con todo o anterior. Así, sucédense moitos movementos rivais á vez, que comparten un mesmo fin pero con diferentes medios. Os máis estendidos foron: o **cubismo** (creacionismo na literatura), que se basea en darlle á pintura unha dimensión de tempo, polo que o trazo pasa a ser totalmente lineal; o **futurismo** , que lle profesa un verdadeiro culto á máquina; o **surrealismo** , co que triúnfan Dalí e Magritte a través do mundo dos soños, do imposible; e o **dadaísmo** , no que se basea esta película.

Este movemento nace en Zúrich da man de **Tristan Tzara**, escritor que, a través dos Sete *manifestos Dadá*, argumenta:

“Colla un periódico
 Colla unhas tesoiras
 Escolla no periódico un artigo da lonxitude que quere darlle ó seu poema
 Recorte o artigo
 Recorte de seguido e con coidado cada unha das verbas que forman o artigo e insérteas nunha bolsa
 Axite suavemente
 Agora saque cada recorte un tras outro
 Copie a conciencia
 na orden coa que saíran da bolsa
 O poema se parecerá a vostede
 E é vostede un escritor infinitamente orixinal y dunha sensibilidade máxica, aínda que incomprendido do vulgo...”

Aínda que non queda estendido o termo dadaísmo dentro do noso mundo da música, a inspiración e a obra de Erik Satie poderíase asociar a estas tendencias. Así mesmo, é necesario destacar as boísimas relacións que el mantiña coas artistas bohemios de principios de século. Por exemplo, a estrea do seu ballet *Parade* contou con decorados e figurines de Pablo Picasso.



Vendo todo este contexto, non é de estrañar que a película careza dunha trama. Trátase dunha **xustaposición de imaxes** que ben pouco terían en común: vistas de París, bonecos cuxas caras inflándose coma globos e, entre outras, unha procesión fúnebre. Pero todo isto, en conxunto, e coa axuda de adiantados efectos especiais para o momento, dá unha perfecta sensación de **coherencia e unidade**.

En canto a música, é salientable o feito polo que Satie repite un mesmo *leitmotiv* para dar unha certa unidade e que a banda sonora se adapte xustamente á imaxe que no mesmo momento se está a ver. Outro dato importante é

que non parece estar moi claro cal foi a forma orixinal da música: aínda que a BSO oficial da película é para orquesta, hai unha versión anterior para dous pianos, e incluso unha redución a partires desta que gravou maxistralmente **Jean-Yves Thibaudet** na súa integral da obra de Satie.

A música presenta unha certa atenuación da rebeldía que mostrara no seu primeiro ballet, antes citado, que abranguía unha pequena orquestra convencional cunha importante percusión a base de látigos, bucinas de tren e máquinas de escribir. De todos modos, o empaste entre música e imaxe é impecable.

“ A tónica está na nosa fala. Sé sensíbel, resolve no primeiro ”

“O Piano a Dúo”

Concerto de Profesores de Piano do CMUS Xan Viaño.

Intérpretes: Alma Cendán, Loreto Pérez, Iria Hevia, Susana García, Miguel Sancho, Andrés Pazos, M^a Teresa Sánchez de Toca, Carlos Filgueira, Isabel Romero, Alejandro Cubero, José Manuel Yáñez, Irina Moriatova.

Operador informático: Abel Dueñas.

Organizan: Dptos. De Piano, Pianistas Acompañantes e Piano Complementario.

Data: 9 de Abril de 2008

Hora: 19.00 h.

Lugar: Auditorio José “Pepito” Arriola do CMUS Xan Viaño. Ferrol

por Javier Rivas, 4º GE

**1ª PARTE*****Variacións en Do M*****L. Van BEETHOVEN**

Execución a catro mans cun piano.

Pianistas: Alma Cendán e Loreto Pérez.

Comentario

Moi bonita. Gustáronme os pasos de forte a piano. Nalgunhas partes súxreme misterio; tristeza noutras e tamén ledicia. Final impresionante.

Historia do repertorio para catro mans

Do século XVII datan as primeiras pezas para instrumentos de teclado para tres e catro mans, que pertencían a Nicholas Carleton e a Thomas Tomkins, ambos ingleses. Non foron moi abundantes xa que os clavicordios e clavecíns eran demasiado pequenos para acomodar a dous intérpretes nun so teclado. Ademais a roupa desa época era moi voluminosa.

No piano, Charles Burney foi pioneiro. Compuxo unha sonata a tres mans e tivo que dar explicacións deste raro conxunto. Coa publicación dos dúos de J. C. Bach no XVIII, comeza a historia dos dúos a catro mans. Producíuse unha tendencia á sonoridade orquestral que levou a moitos compositores a orquestrar as súas obras de dúos. Un exemplo son *As Danzas Eslavas* de Dvorak.

Romance e Vals**S. RACHMANINOV**

Execución a seis mans con un piano.

Pianistas: Iria Hevia, Susana García e Miguel Sancho.

Comentario

O Romance pareceume lento e moi triste. O Vals gustoume máis polos seus matices e foi moito máis alegre. Moi bo final.

Historia do repertorio para catro mans. (Continuación)

A finais do s. XVIII non había radio nin televisión e a xente, para entreterse, reuníase en veladas coa familia ou con amigos para tocar e cantar.

A expansión do piano foi crescendo de tal xeito que no s. XIX en case tódalas casas había un. Empezaron a aparecer

moitas obras para catro mans, de compositores como Clementi, Kozeluch, Dussek e Sterker.

Tamén se escribiron arranxos de composicións escritas orixinariamente para outros instrumentos. Desenrolouse un gran negocio sobre isto, e algúns compositores, como J. Brahms, fixeron os arranxos das súas propias obras.

Un compositor destacado na música para catro mans é F. Schubert, con obras como *Fantasia en Sol M.*

Os compositores do clasicismo compuxeron sobre todo Sonatas e no s. XIX predominaron as danzas de carácter nacional, como as *Polonesas* de Schumann, os *Valses* e *Danzas Húngaras* de Brahms ou as *Danzas Noruegas* de Grieg.

Os compositores actuais non adoitan compoñer música para o dúo de piano a catro mans.

Petite Suite (1^o e 4^o mov.)**C. DEBUSSY**

Execución a catro mans con un piano.

Pianistas: Andrés Pazos e Miguel Sancho.

Comentario

Non me gustou moito o primeiro movemento. Pareceume monótono.

Pola contra, o cuarto movemento foi bonito. Empezou moi movido, no medio tranquilizouse e rematou ben.

Historia do repertorio para dous pianos

Os dúos para dous pianos comezan tamén en Inglaterra, cunha peza de G. Farnaby.

Pero o gran repertorio comeza cos tres irmáns Bach.

Na época de Beethoven e Schubert non se escribiu moito para dous pianos. O xénero rexurde coa chegada dos románticos no 1830. Destaca J. Brahms coa *Sonata para dous pianos op. 34bis*.

Os traballos máis populares para dous pianos son: Rondo op. 72 de F. Chopin, Cinco Suites de Arenski e Scaramouche de Milhaud.

Rondo en Do M**B. SMETANA**

Execución a oito mans con dous pianos.

Pianistas: M^a Teresa Sánchez, Carlos Filgueira, Isabel Romero e Alejandro Cubero.

Comentario

Impresionante. Moi bonita. Nalgunha das súas partes, un pouco repetitiva.





2ª PARTE

Danzas Eslavas op. 72 n.º 2 e op. 46 n.º 1

A. DVORAK

Execución a oito mans con dous pianos. Pianistas: Loreto Pérez, Andrés Pazos, Iria Hevia e José Manuel Yáñez.

Comentario

Espléndida. Dulce. Misteriosa. Sen palabras. Gustoume moitísimo. Pareceume impresionante a execución con oito mans. Final apoteósico.

Características da interpretación a catro mans

Cando se toca a catro ou seis mans nun só instrumento é difícil compartir o espazo, e ás veces o eixo está desprazado

respecto das mans, por iso pódense colocar os asentos cun lixeiro ángulo. Se os intérpretes teñen que tocar as mesmas notas, hai que ter os dedos recollidos para non entorpecer os movementos do outro. Con respecto ós pedais, normalmente encárgase o do baixo, xa que leva a parte armónica, pero tamén os pode por o da voz “prima”. Ademais, a voz “seconda” deberá tocar máis baixiño para deixar cantar á voz “prima”, pero tamén debe asumir o protagonismo cando a música o requira.

As vantaxes de tocar xuntos é que a sincronización é máis doada, xa que se pode oír a respiración e sentir os xestos do outro.

Valses op. 39..... J. BRAHMS

Execución a catro mans con un piano.

Pianistas: Alejandro Cubero e José Manuel Yáñez.

Comentario

Bonito pero moi longo. Non foi moi levadeiro pero gustoume. O principio pareceume un pouco tedioso, pero a medida que seguía avanzando foi mellor. O final ben.

Características da interpretación a dous pianos

A diferenza entre o dúo a catro mans e o dúo a dous pianos reflíctese na música composta para eles: A música para catro mans tende á música de cámara e a música para dous pianos tende máis á virtuosidade.

Cando se toca en dous pianos un intérprete está lonxe do outro, isto dificulta a sincronización.

Os pianos pódense colocar no escenario de varias formas: enfrontados ou en paralelo.

Se están enfrontados hai que suprimir a tapa do piano máis cercano ó público.

Se están en paralelo precísase dun escenario moi amplo, polo que non se adoita empregar en concertos.

Libertango e Adeus Nonino**A. PIAZZOLA**

Execución a catro mans con dous pianos.

Pianistas: Irina Moriatova e Iria Hevia.

Comentario

Apoteósico, impresionante, perfecto, espléndido, grande... Nunha palabra: Brillante.

Ó tocar parecía un bandoneón, o instrumento de Piazzola.

Libertango foi un tango maravilloso.

Adeus Nonino foi moi bonita e triste. Chegoume ó corazón.

Notábase que era unha despedida adicada ó pai. Hai fragmentos lentos que me lembran a bandas sonoras de Antón García Abril. O acompañamento ten unha certa importancia.

Scaramouche**D. MILHAUD**

Execución a catro mans con dous pianos.

Pianistas: Irina Moriatova e Iria Hevia.

Comentario

Pareceume unha execución dun gran virtuosismo. Foi impresionante. Moi movida. Final apoteósico.



O concerto incluíu unha presentación didáctica.

“O Pianoforte”**Intérpretes:** Patricia Rejas Suárez**Data:** 28 de Marzo de 2008**Hora:** 20.00 h.**Lugar:** Auditorio José “Pepito” Arriola do CMUS Xan Viaño. Ferrol

O concerto de Patricia Rejas Suárez de pianoforte estivo moi ben, na miña vida estivera nun concerto de pianoforte e nen sequera sabía como soa, polo que foi unha grata sorpresa poder escoitalo en directo. Para o meu entender parécese ao piano, pero tamén ten diferenzas fundamentais, xa que o son do pianoforte é moito máis delicado, doce e suave, mentres que o son do piano é mais forte. Físicamente tamén distínguense bastante porque o pianoforte é bastante mais pequeno, de madeira, e o seu teclado é contrario ao do piano, xa que como sabemos o teclado do piano ten as notas alteradas de cor negra e as naturais de cor branca, mentres que o no pianoforte é ao revés.

Para min este concerto foi moi interesante, ao igual que para as miñas compañeiras e igual que para o señor do asento de atrás, que sen dúbida algunha foi ao que máis se lle notou o entusiasmo, -os seus ronquidos mesturábanse cós harmónicos do pianoforte-. ;)

O PIANOFORTE

O pianoforte descende dos primeiros clavicordios, é un instrumento que naceu no clasicismo e os seus macillos percutían a corda abandoándoa ao instante, permitindo a esta vibrar libremente. E según a forza coa que o dedo percutía na tecla era proporcional á forza coa que o macillo golpeaba a corda, e ao estar situado o macillo a maior distancia se conseguía unha maior forza de ataque e con isto un maior volume sonoro.

O primeiro pianoforte foi construído hacia 1700 por Bartolomeo Cristofori, quen lle deu o nome de "gravecémbalo piano e forte". O pianoforte dispoñía dun mecanismo polo que, ao abandonar o dedo a tecla, un apagador apoiábase sobre ela, co que deixaba de vibrar en canto o intérprete o estimaba oportuno. Sen embargo, o seu funcionamento era moi lento, polo que non se podía tocar unha sucesión rápida de notas iguais.

Posteriormente, para subsanar este problema incorporouse un mecanismo chamado de "dobre escape" grazas ao cal o macillo retrocedía moi rápidamente despois de golpear.

Brenda Anidos, Carla Fernández, Irea Villares, Laura Dalama, Laura Pérez. (L.M. 4º GE)

CURSO DE “FABRICACIÓN DE INSTRUMENTOS DE SOPRO”

O pasado 19 de Abril tivo lugar unha xornada de música tradicional organizada polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e o Dpto. de Gaita Galega. Tivemos a ocasión de impregnarnos da manifestación máis sinxela coa que se mostra a música. Isto é: recursos populares que facían os nosos avós, cunha mestura de natureza, ocio e música. O concerto didáctico foi o peche lóxico a todo un proceso de fabricación e coñecemento de instrumentos musicais populares galegos.



Cartel anunciador do evento

nomeadamente os asubíos de abelá (unha soa nota) e de carrabouxo (varias notas) semellantes a frutas globulares. Tamén neste nivel se construíron mirlitóns.

O seguinte nivel consistiu na fabricación de frutas travesiras a partir de anacos de cana. Aquí emprégáronse xa ferros quentes para furar os buratos tonais do instrumento, explicando cales son os sistemas para achar as proporcións adecuadas para a obtención de escalas diatónicas.

O terceiro e último nivel consistiu na factura de instrumentos de lingüeta sinxela, primeiro a partir de pallas de alcacén e despois sobre cana ou sabugueiro.

O curso rematou cun concerto didáctico onde se amosaron estes e outros instrumentos musicais da tradición galega.

A xornada foi todo un éxito tanto polo profesor –Pablo Carpinteiro- como polos cursillistas que amosaron un interese e unha disposición extraordinaria. Debemos suliñar tamén a aceptación que tivo o Concerto Didáctico, presenciado ademais por un público entregado e receptivo ás ensinanzas e anécdotas do maestro. Cecais o instrumento que causou máis sorpresa foi “a folla”, unha folla de hedra coa que Pablo se marcou un pasodobre.

Que siga a tradición!

O CURRÍCULO DE PABLO...

Pablo Carpintero é doutor en ciencias pola Universidade de Santiago de Compostela e actualmente realiza un segundo doutorado sobre a gaita de fol no Dpto. de Historia da Arte desta mesma universidade. É artesán de instrumentos tradicionais e profesor de gaita de fol, requinta e percusión. Actualmente traballa no proxecto RONSEL para a recuperación do patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia dirixido dende a Universidade de Vigo e segue a desenvolver un intenso traballo de campo por Galicia e Portugal documentando instrumentos musicais e músicos tradicionais.



Empezou a tocar a gaita ós oito anos de idade; cando contaba 18 anos fundou a Banda de gaitas da Asociación Cultural Val do Asma de Chantada e o grupo “Folerpas de Chantada”. Uns anos máis tarde ingresou en Cantigas e Agarimos onde permaneceu durante un ano para despois fundar, xunto con outros compañeiros, o Obradoiro de Cultura Tradicional ULTREIA de Santiago de Compostela, agrupación que actualmente dirixe. É tamén o director artístico da Requinta de Xián e forma parte dos Folerpas de Santiago.

O longo da súa traxectoria compre destacar a súa colaboración como gaiteiro co grupo de cámara da Universidade de Santiago de Compostela, que fructificou na gravación do disco titulado “In Itínere”. Co Obradoiro de Cultura Tradicional Ulteira gravou dous discos "Andando Camiño" e "Eiquí...Acolá...". Coa agrupación de requinteiros “A Requinta de Xián” ten editado o disco "A Requinta de Xián". En colaboración coa Radio Galega e Edicións do cumio ten editados discos de corte etnográfico sobre diversos gaiteiros de idade: José Marentes, César Fernández, Manuel Viqueira, Francisco Villarino, estando en preparación os de José Temprano e Os Barrios de Chantada.

Ten impartido numerosos cursos de toque pechado, fabricación de palletas, afinación de gaitas de fol antigas, toque de trompa, requinta, fabricación de instrumentos vexetais etc., sendo unha das súas principais ocupacións impartir charlas e concertos didácticos sobre os instrumentos tradicionais galegos, así como a organización de exposicións de instrumentos musicais tradicionais galegos.



Cursillistas probando os instrumentos



Pablo Carpintero preparando unhas canas ante a atenta mirada dos máis xoves

Biblioteca “Fontenla Leal”

A proposta do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, de nomear á biblioteca do centro como “Biblioteca Fontenla Leal”, saíu adiante cun amplo respaldo do claustro. Outras propostas que se presentaron foron “Concepción Arenal” e “Canuto Bera”, que non contaron co apoio necesario.



O pasado 28 de Maio, tivo lugar a inauguración da biblioteca do centro, logo dun proceso de catalogación e posta ao día de publicacións e audiovisuais. Dito traballo foi realizado por profesorado do centro.

O aproveitamento do espazo, así como a distribución dos rexistros é o que máis chama a atención da reinaugurada biblioteca. Un espazo que invita ao estudo, á lectura pausada e á reflexión. De entre os rexistros catalogados, hai que salientar o material cedido ou donado por particulares, entre os cales se atopa a prestixiosa musicóloga Dorothe Schubart, así como o arquivo de Xan Viaño, e que consta de partituras manuscritas, e outros documentos. En definitiva; miles de partituras que axudarán na formación da comunidade educativa.

Xosé Fontenla Leal. (Ferrol; 1864- La Habana; 1919)

Naceu en Ferrol en 1864. Impresor. Chegou a Cuba na compañía de seus pais. En 1886 fundou, xunto con Secundino Cora, a publicación mensual Revista de Galicia. Foi bibliotecario da sección de instrución do Centro Gallego. Presidente da sociedade “Unión Redencionista Gallega”. En 1905 tivo un papel fundamental na fundación da “Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega”, entidade clave para a fundación da Academia Galega en Galicia. Tamén participou activamente na constitución da sociedade “Ferrol y su Comarca”. Destacado bibliófilo, chegou a reunir unha biblioteca de máis de tres mil volumes. En 1917 foi comisionado polo Centro Gallego para acompañar a Galicia as cinzas do mestre “Chané”. Faleceu na Habana en 1919.

En 1906 mantén unha cordial relación epistolar con Eduardo Pondal e Pascual Veiga para que permitan que aquela canción que compuxeran se convertise nun himno. El mesmo foi quen mandou a partitura para voz e piano aos centros galegos espallados polo mundo así como a numerosos coros e orfeóns para que a incluisen nos seus repertorios. Motivo polo cal, o que logo sería o Himno de Galicia, alcanzou unha rápida difusión e unha popularidade extraordinaria.

No ano 2007 o himno galego cumpre o seu centenario e Xosé Fontenla Leal é

recordado e homenaxeado en centos de actos, tanto en Cuba como na súa Galicia natal. O Concello de Ferrol estuda a posibilidade de nomear Fillo Predilecto da Cidade de Ferrol a este insigne persoeiro, nomeamento que se fará oficial nos próximos meses.

Dentro dos actos programados tamén figura o reparto, entre os estudantes da ESO, de 2500 Unidades Didácticas relativas ao gran Fontenla Leal.

Coincidindo có próximo nomeamento da Biblioteca do CMUS Xan Viaño, propoñemos que esta pase a chamarse “Biblioteca Xosé Fontenla Leal” por varios motivos, entre os que destacamos: o seu papel como bibliotecario, o seu papel determinante na relación co músico P.



Veiga e o poeta E. Pondal, para que Galicia contase cun Himno, as súas xestións como difusor das partituras, e a súa vinculación con Ferrol (naceu na rúa Galiano e tivo sempre presente a súa Cidade).

Fontenla Leal

CMUS XAN VIAÑO i nfo**DATAS CURSO 007/08**

Final do curso	30 de maio
Evaluacións finais	3 e 4 de xuño
Titorías fin de curso	4 e 5 de xuño
Matrícula curso 08/09 (para alumnos que estiveran no curso 07/08)	do 1 ao 15 de xullo
ACCESO A 1º DE GE (para o próximo curso)	
Matrícula acceso a 1º GE	Do 1 de abril ao 13 de xuño
Xornadas sobre instrumentos (asistencia voluntaria)	16, 17, 23 e 24 de xuño
Probas acceso a 1º GE	25 e 26 de xuño
Solicitud de prazas de 1º GE	30 de xuño
Prazo matrícula para os que obtiveran praza en 1º GE	do 1 ao 15 de xullo
ACCESO A 2, 3 e 4º DE GE (para o próximo curso)	
Matrícula acceso	Do 28 ao 31 de xullo e 1 de setembro
Probas acceso	5 e 8 de setembro
Prazo matrícula para os que obtiveran praza	10 e 11 de setembro
ACCESO A 1º DE GP (para o próximo curso)	
Prazo matrícula acceso 1º GP	do 4 ao 6 de xuño
Exámenes acceso 1º GP	o 11 e 12 de xuño
Prazo matrícula para os alumnos que obtiveran praza en 1º GP	do 1 ao 15 de xullo
ACCESO A 2, 3, 4, 5 OU 6º DE GP (para o próximo curso)	
Matrícula acceso a 2, 3, 4, 5 ou 6º GP	Do 28 ao 31 de xullo e 1 de setembro
Probas acceso a 2, 3, 4, 5 ou 6º GP	8 ao 9 de setembro
Prazo matrícula para os que aprobaran o acceso a 2, 3, 4, 5 ou 6º GP	10 e 11 de setembro
RECUPERACIÓN SETEMBRO MATERIAS PENDENTES CURSO 2007/08	
Probas de recuperación	1 ao 3 de setembro
Comunicación en secretaría dos cambios da matrícula das materias pendentes	10 e 11 de setembro
COMEZO DO CURSO 08/09: PENDENTE CALENDARIO ESCOLAR	

Viaxe a Salamanca:

Cristina Fraga, 6º GM

Iniciamos a nosa historia da viaxe a Salamanca co Cmus Xan Viaño o luns 14 de marzo do 2008, ás dez da mañá. Reunidos diante do conservatorio a banda, a orquesta e o coro agardamos a nosa ansiada viaxe. Serían tres días para disfrutar todos xuntos nunha cidade que tiña cando menos un bó anaco de historia.

Despois dunhas horas no bus, cantando coma en “Furor” e contando historias, fixemos unha parada para xantar, collendo forzas para proseguí-la viaxe xa que aínda quedaba un bó camiño. Ó chegar a Salamanca a media tarde, deixamos rápidamente as cousas no albergue, cambiámonos de roupa ó traxe de faena e a présa a actuación que estaba prevista para nós polos compañeiros/as do conservatorio profesional de Salamanca, na cal tamén actuaban eles. Ó rematar, volvimos ó albergue e a cear en dúas quendas, xa que non había sitio para todos no comedor, sempre se aproveitaba o tempo para facer algo.



Ó remata-la cea, un paseo para ver Salamanca, e sen rumbo determinado fomos todo o grupo cos profesores. Finalmente entramos como puidemos (e os que puidemos) a tomar algo nos locais abertos, e o de tomar algo convertiuse nunha especie de saída de marcha. Voltamos ó albergue a durmir a unha hora prudente, mentres que algúns dos máis maiores quedaron disfrutando da cidade ata máis tarde. Está ben recordalles a algúns, que os mapas hai que poñe-los ó dereito, para non face-la visita a Salamanca na primeira noite e sen guía!!!

A verdade, creo que foi moi divertida a experiencia de durmir vinte persoas nunha mesma habitación, aínda que ten os seus pros e contras: chamémoslle pros ás risas pola noite (Coidado cos perigos das literas, que son moi traicioneiras) e contras ó teléfono d@ compañei@ que soa cando estas botando a sesta... ☺ (por exemplo: *y era un domingo en la tarde y fui a los coches de choquieee, piribiri piribiri piribiri piribi*)

O sábado pola mañá, aínda con forzas fomos de visita co guía turístico polos puntos históricos máis representativos de Salamanca: a catedral coa súas vistas da cidade, a universidade coa rana e a calavera, a ponte, a casa das cunchas, a plaza maior... Ademais de tódalas historias que contaba o guía sobre a cidade, o que sacamos en limpo é que case tódolos refráns xurdiron en Salamanca e que esta cidade é marabillosa.

Esa tarde tivémo-la libre, así que a xente aproveitou para ir dar un paseo, tomar algo na praza maior, ir de compras, durmir unha sesta, xogar ás cartas, e incluso vé-las bandas que pasaban a carón do albergue xa que estábamos en Semana Santa...había plans para todo o mundo. Pola noite, despois de cear comezou a operación saída de marcha, un pouco máis complexa que o día anterior, xa que tivemos máis problemas para entrar todos xuntos nalgún sitio porque só deixaban entrar ós maiores de idade. iiiSe só queríamos bailar ata cedo!!!



Xa o domingo, máis cansos se cabe, saímos nos buses coa nova guía turística (a do peinado fashion) a ver “Ciudad Rodrigo” unha cidade amurallada tamén con moita historia, onde destaca a muralla, a catedral de Santa María, o monasterio da Caridade, o castelo de Enrique de Trastámara, e a gran cantidade de casas de nobres que alí había.

Pola tarde, de novo liberdade para escoller plan, e incrementouse o número de persoas durmindo a sesta (tanto paseo é agotador) e tamén houbo tempo para ir por Salamanca outra vez. Pola



noite, había que despedirse da cidade, e saímos todos xuntos camiño da Praza Maior. Finalmente atopamos un local no que nos deixaron entrar a todos, e así, quizais foi dos mellores momentos, xa que miraras onde miraras estaban todos bailando (algúns moi ben por certo) e pasando xenial. Esta vez si que cedo, voltamos todos ó albergue para pasar a nosa última noite en Salamanca.

Longa viaxe de volta, cunha parada en Valcarcel. Coma sempre, votacións no bus para saber quen foron os que mellor bailaban, os máis responsables... tamén historias, cancións, sestas incómodas....E realmente o final da excursión co Cmus Xan Viaño a Salamanca, ano 2008. Até a próxima!!!

Axuda cos traballos de historia

Marta García e Laura Díaz. 5º GM

Como todos sabemos, nos cursos de cuarto e quinto de grao profesional os alumnos de Historia da Música deberán realizar unha serie de traballos para expoñer nas clases. Por este motivo escribimos este artigo, para facilitar esta labor aos próximos alumnos.

• Á hora de facer o traballo deberemos ter en conta as seguintes consideracións:

- O traballo deberá estar correctamente editado, é dicir, interliñado de 1,5, xustificado polas dúas marxes, e con letra Times New Roman ou Arial sempre de 12 puntos. Tamén hai que revisar o traballo unha vez rematado, xa que sempre se nos pode escapar algunha errata e ademais debemos ter en conta que nestes traballos empregamos nomes e términos que non recoñece o procesador de textos. A pesar de que o traballo estea ben feito, este tipo de cousas baixan moito a calidade deste mesmo. Por último débense citar axeitadamente a bibliografía utilizada, seguindo as normas expostas na guía de estilo que facilitará o profesor.
- Deberase buscar a información necesaria para facer o traballo en libros ou en páxinas web. Unha serie de libros recomendados que aprenderedes nas clases de Historia da Música, que poderedes atopar na biblioteca do conservatorio, os cales citaremos na bibliografía.
- Ademais desta información, recoméndase ler todo o que se poida sobre o tema e o autor.
- Débense utilizar as ideas máis interesantes, é dicir, sintetizar e resumir adecuadamente o máis importante.
- Buscar as partituras e as audicións do tema antes do día da exposición. Este punto é moi importante, xa que é igual de transcendente levar o traballo ben feito como as partituras e audicións para ver reflexado na música as cuestións tratadas no traballo

• Á hora de expoñer o traballo tamén deberemos de ter en conta outros aspectos:

- Unha das cousas máis importantes é resumir ben, tendo en conta o tempo do que dispoñemos para facer a exposición e escoitar a audición.
- Débese levar estudado e lido o traballo para poder expoñelo con fluidez e sen ler palabra por palabra.
- Recoméndase ter unha folla aparte con anotacións que a podemos utilizar como un pequeno diccionario con definicións dalgúns términos que atopemos complicados e con explicacións que podemos dar fóra do traballo. Estas explicacións ben as podemos poñer nesta folla ou con post-it nas marxes.
- Estes tres puntos anteriores deben de ir estudados porque ao final da exposición haberá unha ronda de preguntas.

Ademais incluímos unha lista de libros e páxinas web útiles para conseguir a información e as partituras e audicións necesarias:

- Diferentes libros que deberemos eloxiar dende que entramos nas clases nas clases de Historia da Música: The New Grove Dictionary of Music & Musicians, Diccionario de la Música Española e Hispanoamericana e os das editoriais de Akal, Turner e Alianza.
- Poderemos descargar partituras e audicións de programas como emule, ares e outros similares. Tamén de páxinas web como: www.indiana.edu , www.el-atril.com ou outras parecidas.
- Para buscar información en internet podemos recorrer á wikipedia, www.hagaselamusica.com, www.biografiasyvidas.com , www.el-atril.com e similares.

“OPINIÓN PERSOAL”

(Natalia Castrillo Merlán, de 5º GM)

Ó longo da miña aprendizaxe musical tiveren bastantes profesores de violín, quizáis demasiados. Dígoo porque non sei ata que punto é bo cambiar tan de seguido de método de estudo. Pero o positivo deste feito é que cada un deles centrouse nun determinado error meu, ben postural, ben sonoro. Pódese dicir que, máis que evolucionar, eu vou montando un puzzle de cousas que fago ben e ó cada ano aumento unhas cantas pezas (cuxo número varía en función do bo que sexa o profesor en cuestión e, como non, do meu esforzo persoal).



Ademáis, despois de tantas experiencias pedagóxicas véxome capaz de facer unha comparación bastante obxectiva da calidade do persoal docente violinístico.

Mais o certo é que estes cambios continuos teñen moitas desvantaxas. A primeira é que un profesor novo non te coñece, e polo tanto, tardará un certo tempo en descubrirche onde se atopan os fallos que cómpre solucionar axiña. A segunda é que cada un concibe certos aspectos da música ó seu xeito, como o fraseo, o vibrato ou calquera outra característica técnica, e as diferentes opinións causan no alumno certa confusión. Ademais, un profesor novo gaña a nosa confianza tras moitos meses, e aínda que pareza unha tontería, é moi necesaria para facer que ir a clase non sexa un deber, senón un placer.

Digo todo isto da comparación porque, se ben cadaquen é libre de ensinar como lle dea a gana, existen certas premisas técnicas que están por riba de calquera método e que todos defenden. Convertéronse nos meus mandamentos SAGRADOS, INELUDIBLES Y OMNIPRESENTES:

- 1º Obsesionaraste coa afinación
- 2º Non farás glisandos salvo en casos moi concretos
- 3º Amarás a Kreutzer e a Dont sobre tódalas cousas
- 4º Obedecerás ó metrónomo e á partitura
- 5º Non mentirás, tocando alguna nota que non estea escrita
- 6º Tocarás coa postura de Heifetz e a soltura de Oistrak
- 7º Vibrarás ata que se che quede a man tesa E un longo etc, etc...

Dito isto, creo que é comprensible o meu asombro o descubrir que **NON SEMPRE SE CUMPLIRON** estas premisas.

A grabación que escoitamos en clase do concerto para dous violíns en re m de Bach (que estou tocando últimamente) foi esclarecedora. Oír a Kreisler y Zimbalist tocando xuntos con estilos tan diferentes prodúxome unha sensación de desasosiego. ¡Non intentaban tan sequiera seguir un tempo estable! Cada un ía por libre. E sobre todo e máis sorprendente para min foi escoitar os solos de Zimbalist. Nese momento o meu desasosiego converteuse en pasmo. Glisandos descarados, vibrato ausente, articulación libre... ¡Sacrilexio!

Foi decisiva esa grabación na miña concepción da interpretación. Pero, son libre á hora de escoller cómo quero tocar? Sí, ó menos na teoría. Non creo que tocar ó estilo Zimbalist me axudase á hora de facer a proba de acceso a superior, pero sí quixera podería facelo.

Persoalmente non me gustou a versión do Doble de Bach, pero desde o punto de vista histórico é moi interesante e reveladora.

Todas estas diferencias en canto á forma de tocar dos nosos avós e a nosa, atopan o seu mellor exemplo nas grabacións históricas, permitiéndonos ampliar o noso punto de vista.

Grazas ó Timothy Day tamén aprendín o porqué dests cambios no estilo interpretativo: cuestións históricas, físicas (escenarios), compositivas (aumento do volumen xeral de sonido) e as innovacións dalgúns ousados que se propuxeron unha nova forma de cantar ou tocar.

En definitiva, este traballo servirá para determinar as miñas propias premisas.

A voar...

Cristina, Patricia, Sofía e Rubén, xunto con Ermitas García Ríos (profesora de Fundamentos de Composición).

Agora que o curso toca a fin, queremos recordar parte do alumnado que remata os estudos no noso conservatorio. Sofía, Kelly, Leire, Rubén e Cristina continuarán cós estudos superiores.

Dende Falamus!, queremos desexar moita sorte na nova andaina que comezan, así como a todos os alumnos que rematan este ano e aqueles que nos deixan por outros motivos.

Grazas a todos/as. Esperámosvos ver en vindeiros anos no escenario do voso Conservatorio, onde tantas e tantas audicións realizáchedes e onde tantos e tantos recordos deixáchedes.



Dende o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, queremos facer unha mención especial a **Cristina Fraga**, que foi membro do equipo nestes dous anos que levamos. Grazas Cristina, polo teu traballo. Foi un pracer traballar contigo.

Leire repoñendo forzas. ;-)))

pasatempus!

Adiviña

A dominante da sensible de Fa M, e maila súa cuarta, militan no acorde menor xunto con Lourenzo.

De que acorde estamos a falar e cales son as notas?

xeroglífico

Como nos comunicaremos?



- i



INSTRUMENTOS

- Piano, Guitarra, Percusión, Acordeón, Arpa

- **CORDA**

Violín, Viola, Violoncello, Contrabaixo

- **VENTO METAL**

Trompeta, Trompa, Trombón, Tuba.

- **VENTO MADEIRA**

Fagot, Fruta Traveseira, Óboe, Clarinete, Saxofón, Gaita Galega.

- **AGRUPACIÓNS**

Coro, Música de Cámara, Orquestras de Corda (Grao elemental e Profesional), Orquestra de Vento (Grao elemental e Profesional)

EQUIPO DOCENTE

- 13 Profesores de piano.
- 2 Profesor de guitarra.
- 2 Profesor de percusión.
- 3 Profesores de violín.
- 2 Profesores de viola.
- 2 Profesores de violoncello.
- 2 Profesores de fruta traveseira.
- 3 Profesores de clarinete.
- 1 Profesor de saxofón.
- 1 Profesor de trompeta
- 1 Profesor de trombón
- 1 Profesor de tuba
- 1 Profesor de trompa.
- 4 Profesores de linguaxe musical
- 1 Profesor de contrabaixo
- 2 Profesores de óboe
- 1 Profesor de fagot
- 1 Profesor de acordeón
- 1 Profesor de arpa
- 1 Profesor de Gaita Galega
- 1 Profesor de Historia da Música
- 3 Profesores de fundamentos de composición.

PLAN DE ESTUDOS

Ensinanza instrumental individual e en grupo para tódolos niveis e materias teóricas.

GRAO ELEMENTAL (4 cursos)

- **Idade mínima de ingreso: 8 anos, máxima 14 anos**
- **Formación complementaria:**
Linguaxe Musical, Educación Auditiva e Vocal.

GRAO PROFESIONAL (6 cursos)

Agrupacións Instrumentais de orquestra de corda e banda de ventos para tódolos niveis.

- **Formación complementaria:**
Linguaxe Musical, Piano Complementario, Orquestra, Banda, Coro, Análise, Música de Cámara, Acompañamento, Harmonía, Informática Musical, etc.
- **Materias optativas e itinerarios:**
Coñecementos teórico-históricos, coro, repentización, 2º instrumento, música antiga, música tradicional, fundamentos de composición, pedagogía, musicoloxía, ...

OUTRAS ACTIVIDADES

- Audicións de alumnos.
- Concertos e saídas das agrupacións do centro.
- Concertos de profesores.
- Proxeccións de audiovisuais.
- Conferencias.
- Asistencia a ensaios de orquestras profesionais.
- *Cursos de interpretación musical, relaxación, etc...*

INSTALACIÓNS

- 1 aula de orquestra, 1 de percusión.
- 31 aulas de ensinanza instrumental individual.
- 6 aulas de ensinanza non instrumental.
- 24 aulas de estudo
- Departamentos
- Salón de Actos-Auditorio
- 1 aula informática
- Biblioteca / Fonoteca / Videoteca
- Sala de profesores.
- Sala de reunións para pais de alumnos.
- Sala de usos múltiples.